



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

ANUNCIO

APROBACIÓN BOLSA DE EMPREGO POSTO OPERARIO DE SERVICIOS MÚLTIPLES

Por Resolución desta Alcaldía nº 215/2023 de data 11 de maio de 2023 aprobouse a Bolsa de emprego para o posto de Operario de Servizos Múltiples.

Dando cumprimento á citada Resolución procédese á publicación íntegra da mesma para xeral coñecemento.

Monfero, 11 de maio de 2023. O ALCALDE Andrés Feal Varela

RESOLUCIÓN

**ASUNTO: APROBACIÓN BOLSA DE EMPREGO POSTO OPERARIO DE SERVICIOS
EXPEDIENTE: 2023/G003/000226**

ANTECEDENTES:

As bases reguladoras do proceso de selección e provisión en propiedade, por persoal funcionario de carreira, dunha praza de Operario de Servizos Múltiples, incluída na OEP do Concello de Monfero de 2020, foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local deste Concello, na sesión celebrada en data 29 de xullo de 2021, e publicadas no BOP núm. 148, do 6 de agosto de 2021, así como no DOG núm. 169, do 2 de setembro de 2021, e no BOE núm. 199, do 20 de agosto de 2021.

Así mesmo, as ditas bases foron modificadas por acordo da Xunta de Goberno Local, na sesión do 19 de xaneiro de 2022, e publicada, a dita modificación, no BOP núm. 19, do 28 de xaneiro de 2022, así como no DOG núm. 41, do 1 de marzo de 2022, e no BOE núm. 62, do 14 de marzo de 2022.

As ditas bases, no seu punto 12.5, entre outras cousas, establecen que desa convocatoria derivarase, tamén, unha bolsa de emprego, cos aspirantes que superaran todas as probas de selección, e pola orde da puntuación obtida, que terá por obxecto habilitar unha listaxe de aspirantes á que se acudirá nos supostos legais procedentes e con arranxo ás modalidades de emprego ou relación funcional correspondentes, para futuras e xustificadas incorporacións de persoal temporal con equivalente condición profesional á do que se vai seleccionar nesa convocatoria e proceso selectivo.

A acta da sesión do Tribunal cualificador das probas selectivas para a provisión en propiedade, por persoal funcionario de carreira, dunha praza de Operario de Servizos Múltiples, da escala de administración especial, subescala de servizos especiais, persoal de oficios, pertencente a OTRAS AGRUPACIONES PROFESIONAIS (Grupo E da Lei 30/1984), do 20 de xullo de 2022, que consta no correspondente expediente electrónico, reflicte a relación de aspirantes que superaron todos os exercicios do proceso selectivo cos resultados obtidos, con indicación da súa puntuación total e relacionados por orde decrecente en función das puntuacións obtidas.

De acordo co anterior, no uso das atribucións que me outorga o art. 21.1.h da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o art. 41.14 do Real Decreto 2.568/1986, do 28 de novembro, polo

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais, e o art. 24.d) do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, **RESOLVO**:

Primeiro.- Aprobar a seguinte BOLSA DE EMPREGO para o posto de OPERARIO DE SERVIZOS MÚLTIPLES, á que se acudirán nos supostos legais procedentes e con arranxo ás modalidades de emprego ou relación funcional correspondentes, para futuras e xustificadas incorporacións de persoal temporal con equivalente condición profesional, cos aspirantes que superaron todos os exercicios da oposición, por orde de puntuación obtida no proceso selectivo e segundo a proposta do Tribunal cualificador de data 20/07/2022:

NÚM.	APELIDOS E NOME ASPIRANTES	CUALIFICACIÓN TOTAL
1.	PEREIRA ROCA JOSE ANTONIO	11,38
2.	RODRIGUEZ LOPEZ JOSE	10,75
3.	ALLEGUE SUÁREZ EDUARDO JUAN	10,75

Segundo.- Esta bolsa de emprego funcionará de acordo co establecido na base 12.5 das reguladoras da convocatoria e permanecerá en vigor durante un período máximo de cinco anos desde a súa aprobación.

Terceiro.- Facer pública a presente resolución, mediante a súa inserción no taboleiro de Anuncios electrónico do Concello.

Contra este acordo, as persoas interesadas poderán facer uso da vía impugnatoria que consideren oportuna, conforme ao disposto nas bases reguladoras da convocatoria e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo das administracións públicas

Monfero, 11 de maio de 2023
O Alcalde,

Andrés Feal Varela